



C.I.F. P-2703800-I

R.E.L. 01270386

CONCELLO  
DE  
**O U O R O L**

Tel. 982 559 109

Fax: 982 559 002

27865 O U R O L (LUGO)

**BASES QUE REXERÁN A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL, MEDIANTE CONCURSO - OPOSICIÓN DE OITO PEONS FORESTAIS A XORNADA PARCIAL NO CONCELLO DE O U O R O L AO ABEIRO DO PROGRAMA DE FOMENTO DO EMPREGO, DEPUEMPREGO 2018, INCLUÍDO NO PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2018 DA EXCMA. DEPUTACION PROVINCIAL DE LUGO**

**Primeira.- Obxecto da convocatoria**

Constitúe o obxecto das presentes bases e a correspondente convocatoria a regulación do procedemento de selección mediante concurso-oposición de 8 Peons Forestais para seren contratados como persoal laboral temporal a xornada parcial (75 %), ao abeiro do Programa de Fomento do Emprego, Depuemprego 2018 incluído no Plan Provincial Unico de Cooperación cos concellos 2018 da Excma. Deputación Provincial de Lugo para a execución de obras e servizos mínimos obrigatorios de competencia municipal de interese xeral e social co obxectivo común de dar cumprimento ás competencias mínimas obrigatorias ou obras esenciais xerando oportunidades de emprego na provincia de Lugo.

Debido ao carácter rural do concello cunha gran extensión e a gran dispersión da poboación resulta complicado achegar todos os servizos a toda a poboación, todo isto unido a que nos últimos anos produciuse un abandono paulatino no medio rural o que derivou nunha situación de abandono de numerosos núcleos de poboación, camiños forestais, vías forestais, etc, fai necesario que se realicen actuacións no ámbito municipal que consistirán fundamentalmente na limpeza de espazos naturais destinados a merendeiros e zonas de descanso, así como á limpeza de camiños e pistas municipais, realizando fundamentalmente actuacións de limpeza, desbroce e eliminación de abundante biomasa vexetal nas zonas do termo municipal que o precisen, tales como camiños forestais, vías de saca de madeira, camiños rurais, etc, ...

Considerando que a incorporación destes efectivos non contradí o establecido no artigo 19.2 da Lei 6/2018 de 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018 que literalmente di: "perante o ano 2018 non se procederá a contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento de persoal estatutario temporal ou de funcionarios interinos agás en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais".

Tendo en conta as tarefas que desenvolverán o persoal que se contrate ao abeiro deste programa, non cabe dúbida que se encadran en servizos públicos esenciais que corresponderán a acondicionamento, mantemento e limpeza de accesos a núcleos de poboación, camiños e vías municipais, limpeza e conservación do entorno de espazos públicos, áreas recreativas, roteiros e obras





CONCELLO  
DE  
**OOUROL**

27865 OOUROL (LUGO)

C.I.F. P-2703800-I

R.E.L. 01270386

Telf. 982 559 109

Fax: 982 559 002

de reparación en xeral, servizos todos eles prestados directamente por este concello e que de xeito urxente e imaprazable deben ser prestados aos veciños en niveis óptimos de calidade en esquecer que o propio fomento do emprego e desenvolvemento local é por si só un servizo público esencial que de xeito urxente e inaprazable debe ser abordado habida conta da porcentaxe de desempregados que vai en aumento neste concello.

Considerando que para cubrir provisionalmente os postos solicitados ao xurdir a necesidade da incorporación destes efectivos con carácter urxente e inaprazable, deberá realizarse o correspondente proceso selectivo polo procedemento de CONCURSO-OPOSICIÓN para a contratación laboral temporal de oito peons forestais a xornada parcial (75 %) coas seguintes características:

- Tipo de contrato e duración: A contratación realizarase de acordo ao establecido na lexislación laboral vixente mediante contrato de traballo temporal por obra ou servizo determinado, a xornada parcial (75 %), de luns a venres segundo as necesidades do servizo. Unha vez cumpridos todos os trámites da selección, procederase á sinatura do contrato, o cal extenderá a súa vixencia dende a data de sinatura do mesmo contando cunha duración de cinco meses.
- Sistema de provisión: Concurso-Oposición de acordo cos principios de igualdade, mérito e capacidade así como a da publicidade e non discriminación.

### **Segunda.- Normativa aplicable**

O procedemento selectivo regularase polo previsto nas presentes bases e no non previsto nelas resultará de aplicación:

- R.D. Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Lei 2/2015, de 29 de abril do Emprego Público de Galicia.
- Lei 30/1984, de 2 de agosto, de Medidas de Reforma para a Función Pública.
- Real Decreto Lexislativo 1/1995, de 24 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Decreto 364/1995, de 10 de marzo, que aproba o Regulamento Xeral de Ingreso de Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios da Administración Xeral do Estado.





CONCELLO  
DE  
**OOUROL**

27865 OOUROL (LUGO)

C.I.F. P-2703800-I

R.E.L. 01270386

Tel. 982 559 109

Fax: 982 559 002

- Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se aproban as regras básicas e programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección de funcionarios da Administración Local.
- Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao Servizo das Administracións Públicas.
- Decreto Legislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Función Pública.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia
- Decreto Legislativo 2/2015, do 12 de febreiro polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
- Lei 39/2015 de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015 de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público
- Bases reguladoras do Plan Provincial Unico de Cooperación cos Concellos 2018 publicado no BOP nº 051 de data de 3 de marzo de 2018.
- Demais disposicións aplicables.

### Terceira.- Funcións

O obxecto dos contratos laborais temporais que se celebren a resultas do proceso de selección estarán integrado polas funcións propias do posto de peon forestal, para actuacións referidas ao mantemento, conservación e mellora de servizos públicos de competencia municipal, realizando traballos urxentes e inaprazables a desenvolver en relación ás obras ou servizos prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, tales como:

- Acondicionamento e limpeza de parques e xardíns e, en xeral, a revalorización dos espazos naturais do concello. Así preténdese a realización de tarefas de roza, corta de céspede e outras que contribúan a protección e ao mantemento en bo estado das zonas naturais do Concello de Oourol.
- Acondicionamento, mantemento e limpeza de accesos a núcleos de poboación, camiños e vías municipais co obxecto do seu mantemento en bo estado, tendo en conta o carácter rural deste concello.
- Acondicionamento dos entornos dos edificios e instalacións, xestión de residuos, tales como a eliminación e retirada de residuos que se depositen en espazos naturais e vertedoiros incontrolados.

### Cuarta.- Publicidade

A presente convocatoria e bases publicaranse no taboleiro de anuncios da Casa do Concello de Oourol e no sitio web do concello: <https://concellodeourol.sedelectronica.es>. Aos efectos do cumprimento do





C O N C E L L O  
DE  
**O U R O L**

27865 O U R O L (LUGO)

C.I.F. P-2703800-I

R.E.L. 01270386

Tel. 982 559 109

Fax: 982 559 002

principio de publicidade, estas bases, tamén serán publicadas na páxina web da Deputación Provincial de Lugo.

#### **Quinta.- Duración do contrato**

O contrato celebrarase baixo a modalidade de contrato temporal por obra ou servizo determinado, a xornada parcial (75 %) de luns a venres e cunha duración de cinco meses.

#### **Sexta.- Retribucións**

Serán as establecidas para a categoría de peon segundo as taboas salarais do Convenio de Edificación e Obras Públicas da provincia de Lugo, publicado no BOP nº 127 de 5 de xuño de 2018.

#### **Sétima.- Requisitos dos/as aspirantes**

Para tomar parte nas probas de selección será necesario:

- a) Ter nacionalidade española ou ter nacionalidade doutro Estado sempre que se cumpran os requisitos do artigo 57 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, respecto do acceso ao emprego público de nacionais doutros estados.
- b) Posuir a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto de traballo. As persoas con minusvalía serán admitidas en igualdade de condicións cos/as demais aspirantes sen que se establezan exclusións por limitacións psíquicas ou físicas senon nos casos en que sexan incompatibles co desempeño das tarefas ou función correspondentes.
- c) Non padecer enfermidade nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que impida o desenvolvemento das funcións do posto.
- d) Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- e) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin estar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución judicial, para o acceso aos corpos ou escalas de funcionario e para exercer funcións similares as que desenvolvan no caso do persoal laboral, no que houbese sido separado ou inhabilitado. No caso de ter nacionalidade doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- f) Non estar incurso nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.





CONCELLO  
DE  
**OOUROL**

27865 OOUROL (LUGO)

C.I.F. P-2703800-I

R.E.L. 01270386

Telf. 982 559 109

Fax: 982 559 002

- g) Ter aboado a taxa correspondente por dereitos de exame según a ordenanza municipal vixente.
- h) Non se require titulación académica (Disposición adicional 7ª do EBEP).

**Oitava.- Presentación de instancias.**

Os/as interesados/as en participar neste proceso selectivo, presentarán a súa instancia no modelo normalizado establecido polo concello facendo constar de que reúnen todos os requisitos sinalados nestas bases e dirixirse ao Sr. Alcalde do Concello de Oourol, o modelo de instancia atopase na sede electrónica do Concello de Oourol. Presentaranse debidamente cubertas, no Rexistro Xeral do Concello de Oourol no prazo de cinco (5) días hábiles, contados desde o día 25 de febreiro ao 1 de marzo de 2019 (ambos inclusive). Os sucesivos anuncios en relación con este proceso publicaranse no taboleiro de anuncios da Casa do Concello de Oourol e na súa páxina web.

Poderanse así mesmo presentar as solicitudes a través das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo das administración públicas, debendo adiantar por Fax ao 982-559002 ou por correo electrónico: [concellodeourol@concellodeourol.es](mailto:concellodeourol@concellodeourol.es) dentro do prazo dos cinco días hábiles do punto anterior copia da solicitude debidamente datada e selada, copia do DNI e xustificante de pago das taxas por dereitos de exame, quedarán excluídas do proceso selectivo aquelas solicitudes que non cumpran este requisito.

As solicitudes que se presenten a través da oficina de correos deberán entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo/a empregado/a do Servizo de Correos.

As instancias debidamente cubertas, achegaranse os documentos que a continuación se indican e de acordo coa seguinte orde:

- a) Fotocopia compulsada do DNI ou pasaporte. Ademais, os aspirantes extranxeiros deberán presentar documento que acredite que é nacional da Unión Europea ou dalgún Estado ao cal en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.
- b) Xustificante de ter aboado a cantidade de 3,00 € en concepto de dereitos de exame, de acordo ao establecido na ordenanza vixente neste concello, mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES62 2080 0131 7931 1000 0012 aberta a nome do Concello de Oourol, en Abanca.
- c) Copia compulsada dos méritos e circunstancias alegadas.
- d) Declaración xurada do aspirante de non haber traballado para este Concello máis de 24 meses (sen contar o tempo de duración deste contrato en cuestión dentro dos últimos 30 meses inmediatamente anteriores, de ser o caso, á data de inicio do contrato, sin ter en conta





C O N C E L L O  
DE  
**O U R O L**

27865 OOUROL (LUGO)

C.I.F. P-2703800-I

R.E.L. 01270386

Tel. 982 559 109

Fax: 982 559 002

para o cómputo anterior o tempo transcorrido entre o 31 de agosto de 2011 e o 31 de decembro de 2012. Non se terán en conta os contratos formativos, de relevo e interinidade, os contratos temporais celebrados no marco de programas públicos de emprego-formación, así como os contratos temporais que sexan utilizados por empresas de inserción debidamente rexistradas e o obxecto de ditos contratos sexa considerado como parte esencial dun itinerario de inserción personalizado.

e) Vidal laboral actualizada.

### **Novena.- Admisión de aspirantes.**

Rematado o prazo de presentación de instancias, o Alcalde ditará resolución que se publicará no taboleiro de edictos da corporación e na súa páxina web, indicando a listaxe provisional de admitidos/as e excluídos/as, con especificación no seu caso dos motivos de exclusión. Na resolución farase constar, apelidos, nome e número do DNI, así como, se é o caso, as causas que motivaron a súa exclusión.

No caso de que todos os aspirantes cumpran os requisitos para poder participar nas probas selectivas correspondentes consideraranse admitidos e dita resolución quedará elevada a definitiva.

No caso de que na resolución figuren aspirantes excluídos estes disporán dun prazo de dous (2) días hábiles contados a partir da publicación do anuncio no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello, para subsanar os defectos a que alude o art. 68 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que motivaron a súa exclusión ou omisión.

No suposto de producirse reclamacións deberá ditarse unha nova resolución estimándoa ou desestimándoa e publicarase a lista definitiva no taboleiro de edictos da Casa do Concello e na súa páxina web.

### **Décima.- Tribunal cualificador e data e lugar de celebración das probas.**

O Tribunal de selección acomodarse ao establecido nos artigos 60 e 61 do EBEP e estará integrado por cinco membros: un/unha presidente, un/unha secretario/a e tres vogais. O/A secretario/a actuará con voz e voto.

O Tribunal non poderá constituirse, nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros. En todo caso requírese a asistencia do/a presidente/a e do/a secretario/a. En caso de ausencia do Presidente, será substituído polo primeiro vogal. En caso de ausencia do Secretario, será substituído polo segundo vogal. Os acordos serán adoptados por maioría dos asistentes con voz e voto, dirimindo os empates o voto de calidade





CONCELLO  
DE  
**OOUROL**

27865 OOUROL (LUGO)

C.I.F. P-2703800-I

R.E.L. 01270386

Tel. 982 559 109

Fax: 982 559 002

do/a Presidente/a. O Tribunal está facultado para interpretar e resolver as cuestións que poidan suscitarse na aplicación das normas de procedemento, inspirándose a súa actuación no principio de economía, celeridade e eficiencia.

A súa composición axustarase aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros procurando na medida do posible a paridade entre homes e mulleres. Todos os membros do tribunal deberán contar con titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o posto ao que se opta. O nomeamento dos membros que constitúan o Tribunal cualificador, realizarase por Decreto de Alcaldía e publicarse no taboleiro de edictos da Casa do Concello así como na súa páxina web. Poderán dispor a incorporación de asesores especialistas e/ou colaboradores se así o estiman necesario ou axeitado, que actuarán con voz pero sen voto.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, comunicándolle ao Presidente cando concorra neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015 de réxime xurídico do sector público. Así mesmo os interesados poderán promover a recusación de acordo co sinalado no artigo 24 da citada norma.

Os membros do Tribunal que asistan as sesións, percibirán as axudas de custe e asistencia segundo a contía legalmente establecida.

A data, hora e lugar de celebración das probas de selección establecerase así mesmo por Decreto de Alcaldía e publicarse no taboleiro de edictos da Casa do Concello de Oourol e na súa páxina web.

### **Undécima.- Sistema de selección.**

A selección realizarase mediante o sistema de Concurso - Oposición, sendo a primeira fase a de oposición que consistirá na contestación oral a unha proba de coñecementos e na realización dunha proba práctica e a segunda a de concurso que consistirá na valoración de méritos.

#### **A) FASE DE OPOSICIÓN:**

A fase de oposición consistirá na constestación oral a unha proba de coñecementos e na realización dunha proba práctica, ambas probas terán carácter obrigatorio e serán eliminatorias para os aspirantes. A puntuación máxima da fase de oposición será de 20 puntos e desenvolverase da seguinte maneira o polo seguinte orde:

- Proba de coñecementos:, Esta proba de carácter obrigatorio e eliminatorio consistirá na contestación oral a un cuestionario de 10 preguntas formuladas





CONCELLO  
DE  
**OOUROL**

27865 OOUROL (LUGO)

C.I.F. P-2703800-I

R.E.L. 01270386

Tel. 982 559 109

Fax: 982 559 002

polo Tribunal de Valoración relacionadas co temario que figura no Anexo I. O máximo de puntuación é de 10 puntos, outorgándose 1 punto por cada pregunta contestada correctamente, sendo necesario acadar unha puntuación mínima de 5 puntos para pasar a fase seguinte, quedando eliminados aqueles que non acaden a dita puntuación mínima.

- **Proba práctica:** De carácter obrigatorio e eliminatorio, realizarase só aos/as candidatos que superaran a proba anterior, e consistirá na realización dunha proba que permita valorar a aplicación dos coñecementos e capacidades dos/as aspirantes a un suposto concreto, así como coñecer as súas habilidades e destrezas. Esta proba práctica simulará un suposto que poida darse no desempeño do posto que se convoca e poderá consistir na realización material desta ou na indicación do itinerario a seguir (fases, trámites, solución a problemas, etc.) para a súa realización ou ben, materializando ou sinalando alguna destas fases, valorándose ata un máximo de 10 puntos, sendo necesario acadar 5 puntos para superar a proba, quedando eliminados do proceso aqueles/as que non acaden esta puntuación mínima.

## **B) FASE DE CONCURSO:**

Polo Tribunal calificador examínase toda a documentación entregada polos/as aspirantes aos efectos de determinar unha maior adecuación ao posto de traballo. Os méritos deberán posuírse e acreditarse á data en que remate o prazo de presentación de instancias. Acreditáranse mediante certificacións ou diplomas expedidos polas entidades ou organismos pertinentes. Só serán válidos os méritos que sexan alegados mediante documentos que, a xuízo do Tribunal, acrediten de forma fehaciente os mesmos. Os servizos prestados e cursos que a xuízo do Tribunal non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións propias do posto de traballo obxecto da presente convocatoria non serán puntuados.

Non terá carácter eliminatorio e a puntuación máxima total da fase de concurso establécese en 2 puntos e será o resultado de sumar os méritos que se enumeran nos seguintes apartados cos límites que se sinalan en cada un deles.

### **A.1) Experiencia profesional: Máximo 1,00 punto**

- Experiencia na realización de iguais ou semellantes traballos na administración pública, outorgárase a puntuación de 0,10 puntos por mes traballado, acreditado con contratos de traballo e vida laboral, non se computarán servizos inferiores a un mes
- Experiencia na realización de iguais ou semellantes traballos na empresa privada, outorgárase a puntuación de 0,05 puntos por mes traballado,





CONCELLO  
DE  
**OOUROL**

27865 OOUROL (LUGO)

C.I.F. P-2703800-I

R.E.L. 01270386

Telf. 982 559 109

Fax: 982 559 002

acreditado con contratos de traballo e vida laboral, non se computarán servizos inferiores a un mes.

A experiencia laboral deberá acreditarse mediante contratos de traballo nos que se especifique expresamente o traballo desenvolvido, o inicio e final da relación laboral, certificado de empresa ou calquera outro tipo de documento nos que quede acreditado fidedignamente a súa duración. Deberá adxuntarse obrigatoriamente informe de vida laboral.

Os servizos prestados a tempo parcial computaranse de forma proporcional ós prestados a xornada completa.

Non se terán en conta os servizos prestados como autónomo.

### **A.2) Cursos de formación: Máximo 1,00 punto**

Cursos de formación sobre materias directamente relacionadas co posto de traballo, impartidos por administracións públicas, organismos oficiais dependentes de calquera das administracións públicas ou homologados por estas: Ata un máximo de 1 punto, de acordo coa seguinte escala:

- Por cada curso de ata 30 horas lectivas: 0,10 puntos.
- Por cada curso de 31 a 100 horas lectivas: 0,20 puntos.
- Por cada curso de 101 a 200 horas lectivas: 0,35 puntos.
- Por cada curso de máis de 201 horas lectivas: 0,50 puntos.

Incluiranse no apartado de cursos de duración inferior a 30 horas lectivas a razón de 0,10 puntos curso, aqueles que non especifiquen o número de horas nos correspondentes certificados. No suposto de que a duración do curso se exprese en días, establécese unha equivalencia de 5 horas por cada día do curso.

Acreditaranse mediante fotocopia compulsada do título ou certificación expedida pola entidade pública que impartiu o curso no que conste o número de horas de formación realizada

### **Duodécima.- Resolución.**

O/A secretario/a do Tribunal emitirá a correspondente acta co establecemento das puntuacións obtidas ao longo do proceso selectivo, sendo a cualificación definitiva o resultado das puntuacións obtidas ao longo deste proceso, en caso de empate entre varios candidatos primará o que obteña maior puntuación na proba de coñecementos, de persistir o empate este resolverase a favor do/a aspirante que obteña maior puntuación na proba práctica e si aínda





**C O N C E L L O**  
DE  
**O U R O L**

27865 OUROL (LUGO)

C.I.F. P-2703800-I

R.E.L. 01270386

Tel. 982 559 109

Fax: 982 559 002

así se mantén acudírase en última instancia a sorteo entre as partes implicadas, a dita acta publicarase no taboleiro de edictos da Casa do Concello de Oourol e na súa páxina web ordenada de maior a menor puntuación e abrirase un prazo de un día (1) hábil para poder presentar cantas reclamacións se estimen oportunas contados desde o día da publicación do resultado do proceso selectivo no taboleiro de edictos da Casa do Concello de Oourol e na súa páxina web.

De producirse algunha reclamación, transcorrido o dito prazo, o tribunal reunirse de novo para resolver as reclamacións presentadas e publicar a lista definitiva de puntuacións obtidas. No caso de que non houbera ningunha reclamación a lista inicial elevarase a definitiva.

O Presidente do Tribunal cualificador, á vista do listado final de aspirantes seleccionados, formulará proposta de selección ante a Alcaldía, seleccionando aos/ás candidatos/as que quedaran nas oito primeiras posicións quedando os demais en lista de reserva por si se produce algunha renuncia, baixa ou calquera outra continxencia, sendo requerido o traballador que figure na lista con maior puntuación e así sucesivamente. O Tribunal cualificador non poderá facer proposta de contratación a favor dun número de aspirantes superior aos das prazas convocadas.

Os/As aspirantes seleccionados/as deberán presentar a documentación que a continuación se detalla, no prazo de cinco días naturais contados a partir do día seguinte á publicación da proposta de selección no taboleiro de edictos da Casa do Concello:

- Certificado médico de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desenvolvemento das tarefas inherentes ao posto ofertado.
- Declaración xurada de non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

A non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida no apartado anterior ou cando do exame da mesma se deduza a súa non autenticidade non podrán ser contratados sen prexuízo da responsabilidade en que incorresen por falsidade na solicitude de participación. Neste caso procederase a notificar ao candidato que obtivese a seguinte maior puntuación para que aporte a referida documentación, procedéndose do mesmo xeito que no suposto anterior.

A Resolución do concurso farase polo Presidente da Corporación municipal, a proposta do tribunal cualificador.





CONCELLO  
DE  
**OUROL**

27865 OUROL (LUGO)

C.I.F. P-2703800-I

R.E.L. 01270386

Tel. 982 559 109

Fax: 982 559 002

A presente convocatoria e cantos actos administrativos se deriven dela poderán ser impugandos polos/as interesados/as nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións públicas e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa

**Decimoterceira.- Incidencias**

O Tribunal estará cualificado para resolver as dúbidas e incidencias que se presenten no proceso selectivo.

**ANEXO I: TEMARIO**

- 1.- Organización municipal. O Alcalde: atribucións. O Pleno: atribucións. A Xunta de Goberno Local: atribucións.
- 2.- Especial coñecemento do Concello do Ourol e comarca:
- 3.- Coñecementos básicos en materia de cálculo matemático
- 4.- Coñecementos básicos en materia de xeografía española.
- 5.- Coñecementos básicos en materia de lingua galega e castelá.

Publíquense as bases no taboleiro de edictos da Corporación e na páxina web do Concello de Ourol para os efectos de que todas aquelas persoas interesadas poidan participar no proceso selectivo, logo da presentación da solicitude no rexistro xeral de entrada do Concello de Ourol, durante o prazo habilitado ó efecto.

Ourol, 5 de febreiro de 2019  
O Alcalde-Presidente  
Asdo.: Jose Luis Pajón Camba



Cod. Validación: 6JDN6Q38TY8DEYJL4GM34G2AH | Corrección: http://concellodeourol.sedelectronica.es/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 11 a 13